

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 13 de decembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Carlos López Font  
D. Eudósio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Santiago Domínguez Olveira

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira

D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 18.40 horas do día trece de decembro do ano dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2036).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións(ordinaria 2.11, extr. urx. 3.11, extr. urx. 4.11, ord. 8.11, extr. 10.11, ord. 15.11, extr. 18.11, ord. 23.11, ord. 26.11 e extr. urx. 3.12 de 2010). Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(2037).- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE CONEXIÓNS TRANSVERSAIS EN TEIS, ACONDICIONAMENTO DA PONTE SOHBRE AP-9 E FFCC. EXPTE. 7010/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 22.11.2010, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 29.11.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar á mercantil Construcciones Paraxe, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras DE “MELLORA DE CONEXIÓNS TRANSVERSAIS EN TEIS-ACONDICIONAMENTO DA PONTE SOBRE A AP9 E FF CC NA RÚA COUTADAS. EXPTE. 7010/77. por un prezo total de 64.545,06 euros (IVE incluído).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**3(2038).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA SUBMINISTRACIÓN DE BANCO, PAPELEIRAS E BOLARDOS. EXPTE. 5172/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 10.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- Moycosa, S.A. 100 puntos

2º.- Calfensa Proyectos, S.A. 26,75 puntos.

Segundo.- Excluir as mercantís PROSEÑAL, por non aportar o modelo de banco solicitado .

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Moycosa, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Moycosa, S.A., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.349,26 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**4(2039).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ARQUIVO PACHECO. EXPTE. 240/338.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- PONTE AS DONAS, S.L.

Segundo.- Excluir a mercantil ARESTORA CONSULTORES, S.L.U., por canto non acreditou ter solvencia nin económica nin técnica para o presente contrato e o seu obxecto social non lle faculta para realizar o obxecto do mesmo.

Terceiro.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar, PONTE AS DONAS, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**5(2040).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SINALIZACIÓN VERTICAL E HORIZONTAL. EXPTE. 74838/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 3.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- UTE IMES-API, S.A.

2º.- UTE ACEINSA MOVILIDAD-MONTAJES Y OBRAS, S.A.

Segundo.- Excluir as mercantís PROSEÑAL, DIEZ Y COMPAÑÍA, S.L., UTE SEBAGASA-TEVASEÑAL e UTE FERROSER-MOVEXVIAL, por canto as súas ofertas non alcanzaron o umbral mínimo de puntuación (20 puntos) na suma dos criterios non avaliados mediante fórmula (artigo 16.4.2 FEC en relación co artigo 134.4 LCAP).

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, UTE IMES-API, S.A., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, UTE IMES-API, S.A., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.394, 03 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

**6(2041).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DO VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 177/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 3.12.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro. Excluir as ofertas presentadas polas empresas que se citan no apartado segundo de este acordo polas causas seguintes:

As ofertas nas que figura a expresión EXC. TECN, están excluídas por non superar a puntuación mínima esixida no prego de cláusulas administrativas particulares para os criterios valorables mediante xuízo de valor.

As ofertas nas que figura a expresión EXC. ECON. están excluídas por ser consideradas como ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Segundo. Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente de acordo coa distribución por lotes

LOTE 1	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	77,62
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	71,86
CABLES Y ESTINGAS	66,82

LOTE 2	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	73,13
CABLES Y ESTINGAS	41,12
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	40,32

LOTE 3	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	99,60
CABLES Y ESTINGAS	61,40
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	56,96

LOTE 4	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	64,27
EL CORTE INGLÉS S.A.	EXC. TECN.
ITURRI	EXC. TECN.

LOTE 5	
--------	--

EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	EXC. TECN.
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	EXC. TECN.
CABLES Y ESTINGAS	EXC. TECN.

LOTE 6	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	100,00
CABLES Y ESTINGAS	67,60
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	EXC. TÉCN.

LOTE 7.1.1.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	85,48
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	48,09
SAGRES S.L. - PARTENÓN	16,42

LOTE 7.1.2.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	89,00
EL CORTE INGLÉS S.A.	55,00
DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A.	EXC. ECON.

LOTE 7.1.3.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
SAGRES S.L. - PARTENÓN	50,15

LOTE 7.1.4.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	85,00
EL CORTE INGLÉS S.A.	72,99
SAGRES S.L. - PARTENÓN	61,59

LOTE 7.1.5.	
-------------	--

EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	100,00
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	61,47
SAGRES S.L. - PARTENÓN	52,95
DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A.	32,42

LOTE 7.1.6.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	58,33
DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A.	EXC. ECON.
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	EXC. TECN.

LOTE 7.2.1.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
SAGRES S.L. - PARTENÓN	84,91
EL CORTE INGLÉS S.A.	EXC. TECN.
ITURRI	EXC. TECN.

LOTE 7.2.2.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
EL CORTE INGLÉS S.A.	100,00
SAGRES S.L. - PARTENÓN	61,96
DRÄGER SAFETY HISPANIA S.A.	EXC. TECN.
ITURRI	EXC. TECN.
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	EXC. TECN.

LOTE 7.2.3.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	85,00
EL CORTE INGLÉS S.A.	67,23
ITURRI	EXC. TECN.

LOTE 7.3.1.	
-------------	--

EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	66,00
SAGRES S.L. - PARTENÓN	46,48
EL CORTE INGLÉS S.A.	EXC. TECN.
ITURRI	EXC. ECON.

LOTE 7.3.2.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
COMPLEMENTOS POLICIAIS S.L.	90,00
EL CORTE INGLÉS S.A.	57,36
SAGRES S.L. - PARTENÓN	54,01

LOTE 7.3.3.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
SAGRES S.L. - PARTENÓN	39,76
EL CORTE INGLÉS S.A.	EXC. TECN.
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	EXC. TECN.

LOTE 7.3.4.	
EMPRESA	PUNTUACION TOTAL
PEYCAR PONTEVEDRA S.L.	77,78

Terceiro.- Requerir as empresa clasificadas en primeiro lugar en cada un dos lotes e prendas a subministrar para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato (artigo 53.2 LCSP): declaración xurada do persoal docente e do director propostos do seu compromiso de prestar os seus servizos profesionais ó licitador para a execución do contrato.

Cuarto.- Requerir as empresas clasificadas en primeiro lugar o aboamento do custe dos anuncios de licitación: de acordo coa seguinte distribución:



El Corte Ingles, S.A.: 783,9 euros.

Peycar, S.L.: 261,3 euros.

Complementos Policiais, S.L.: 261,3 euros.

Sagres, S.L.: 261,3 euros.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

#### **7(2042).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

##### **A) NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. EXPTE. 3436/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 2-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P , a fianza de 2.995 euros constituída para responder da redacción do proxecto de construción do polideportivo en Candean xa que as obras foron recibidas conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

##### **B) UTE HIDROSCIVIL, S.L.-HIDROESTRUCTURAS, S.L. EXPTE. 3440/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de contratación do 3-12-2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a UTE HIDROSCIVIL, S.L.-HIDROESTRUCTURAS, S.L , a fianza de 18.852,72 euros constituída para responder das obras de abastecemento de Cabral e Candean Fase 1, toda vez que foi substituído por outro do mesmo importe con data 26.11.2010.

#### **8(2043).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE LINORSA, S.A. POLA XESTIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS DURANTE OS MESES DE SETEMBRO E OUTUBRO DE 2010. EXPTE. 12164/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do xefe do servizo de Educación, do 22.11.2010, conformado pola concelleira delegada de Educación, e co informe do Interventor Xeral do 30.11.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa LINORSA, S.A., por un importe total de 529.668,62 euros pola xestión do servizo de limpeza de colexios públicos e de escolas municipais durante os meses de setembro e outubro de 2010, que se imputarán a partida presupuestaria 3210 227 00 00 do vixente exercicio.

**9(2044).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DO CONTRATO DE OBRAS PARA A CONSTRUCCIÓN, ADECUACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS SOCIAIS, SANITARIOS, CULTURAIS E DEPORTIVOS NA ALAMEDA DE BEMBRIVE. EXPTE. 5097/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do enxeñeiro de Montes e do xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 9.12.2010, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobación da modificación do proxecto construtivo do contrato de obras para construción, adecuación e mellora de servizos sociais, sanitarios, culturais e deportivos na Alameda de Bembrive.

**10(2045).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DO CONTRATO DE OBRAS PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO DOS XARDÍNS DE PEREIRÓ. EXPTE. 5139/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do enxeñeiro de Montes e do xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 9.12.2010, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobación da modificación do proxecto construtivo do contrato de obras para a protección e conservación do patrimonio histórico e paisaxístico dos xardíns de Pereiró.

**11(2046).- MODIFICACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DO CONTRATO DE OBRAS PARA A EFICIENCIA NA XESTIÓN DE RECURSOS HÍDRICOS E OUTRAS REDES DE SUBMINISTRO DE AUGA NA RÚA SANTA CRISTINA. EXPTE. 5090/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do enxeñeiro de Montes e do xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 9.12.2010, conformado pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobación da modificación do proxecto construtivo do contrato de obras para a eficiencia na xestión de recursos hídricos e outras redes de subministro de auga na rúa Santa Cristina.

**12(2047).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2010 POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 7422/306.**

Dáse conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no mes de novembro de 2010, segundo informe da xefa do servizo de Medio Ambiente do 2.12.2010, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

EXPTE.: 7422/ 306		- CONTRATOS MENORES -		Novembro 2010			
Expte	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7403/ 306	1721.210.00.00	CM SUB	Adquisición de balizas, estrobos e grillletes para os distintos traballos mantemento do balizado deteriorado	Efectos Navales Jesús Betanzos, SL	05/ 11/ 2010	12/ 11/ 2010	1.205,04 €
7427/ 306	1720.210.00.01	CM SUB	Sinais informativas e paneis para a reparación e mantemento da sinalización sendeiro panorámico GR53	N ovocontorno, SL	19/ 11/ 2010	30/ 11/ 2010	8.599,59 €
7415/ 306	1720.227.99.00	CM SER	Coordinación de seguridade e saúde das obras de reparación da pasarela deteriorada avda. Citroën	CSM Gestión Seguridad Constr., SL	15/ 11/ 2010	18/ 11/ 2010	295,94 €
7417/ 306	1720.227.99.05	CM SER	Transporte en autobus dos participantes nas rutas do sendeiro panorámico de Vigo GR53	Viguesa de Transportes, SL	16/ 11/ 2010	30/ 11/ 2010	162,00 €
7425/ 306	1720.227.99.05	CM SER	Elaboración, deseño e maquetación dun calendario e unha axenda ambiental con especial referencia ao PN IA	Francisco Valero Ibarra	19/ 11/ 2010	23/ 11/ 2010	21.119,20 €

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**13(2048).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TRATAMIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, S.A. POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO MERCADO DO PROGRESO DE VIGO. EXPTE. 5232/551.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do interventor técnico no Mercado do Progreso, do 16.11.2010, conformado polo concelleiro de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións municipais e a disposición do gasto e prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor de TRATAMIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, S.A., CIF. A-28525723, na contía de 404,00 €, correspondentes ós servizos prestados no Mercado do Progreso en relación coa factura que se cita.

2º.- De conformidade coas Bases de execución orzamentaria para o ano 2010, recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor TRATAMIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, S.A., CIF. A-28525723, polo importe de 404,00 €, correspondentes á factura seguinte:

exped fact	estado fact	nº fact	data fact	fact base	fact ive	fact total
5230/5 51	V	SA10490/10008 59	12/11/10	171,19 €	30,81 €	202,00 €
5231/5 51	V	SA10490/10008 45	11/11/10	171,19 €	30,81 €	202,00 €

3º.- Ordenar o pago a favor de TRATAMIENTO INDUSTRIAL DE AGUAS, S.A., CIF. A-28525723, polo devandito importe de 404,00 € con cargo ao crédito dispoñible na partida 4310.227.99.11 “Gastos Funcionamento do Mercado do Progreso” do orzamento vixente.

**14(2049).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2010 POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 1166/334.**

Dáse conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística no mes de novembro 2010, segundo informe da técnica de Normalización Lingüística, do 2.12.2010, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística.

Expediente	1150/334. Realización de actividades multilingüístas
Decreto concelleira	data 3 de novembro de 2010
Informe Intervención	RC 78896
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	2.200,00 euros

Expediente	1151/334. Actividades dinamizadoras no ámbito do ensino
Decreto concelleira	data 4 de novembro de 2010
Informe Intervención	RC 86158
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	5.000,00 euros

Expediente	1152/334. Unidades didácticas do programa "Unha lección de cine"
Decreto concelleira	data 4 de novembro de 2010
Informe Intervención	RC 86142
Adxudicatario	weSpeak, S.L.
Importe	4.814,40 euros

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**15(2050).- MEMORIA VALORADA CORRESPONDENTE A OBRAS NO ENTORNO AO MIRADOIRO DO PASEO DE ALFONSO XII. EXPTE. 5980/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 7.12.2010, conformado polo delegado de área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a “memoria valorada correspondente a obras no entorno inmediato ao miradoiro do Paseo de Alfonso XII, redactada polo Director adxunto dos servizos técnicos da Xerencia de Urbanismo e polo Conservador de espazos naturais de Patrimonio Histórico.

**16(2051).- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O APOIO, COORDINACIÓN E SEGUIMIENTO DA POSTA EN MARCHA DUN SERVIZO DE TRANSPORTE PÚBLICO CON TECNOLOXÍA ELÉCTRICA NO CASCO VELLO. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 5883/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 26.11.2010, conformado polo delegado de área de Patrimonio Histórico, co informe do titular da Asesoría Xurídica do 26.11.2010, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro do 2.12.2010, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 5883-307 para a contratación do servizo de apoio, coordinación e seguimento da posta en marcha dun servizo de transporte público no Casco Histórico de Vigo.

2º.- Aproba-lo gasto de 70.800 € euros para a execución do servizo de apoio, coordinación e seguimento da posta en marcha dun servizo de transporte público no Casco Histórico de Vigo, que se imputarán á partida 3360.624.00.04 Estudio e implantación transporte eléctrico no Casco Vello, dos orzamentos vixentes.

3º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de cláusulas técnicas particulares de 21/10/2010 e o prego de prego de cláusulas administrativas particulares 08/11/2010 para a contratación do servizo polo procedemento negociado sen publicidade.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a invitación a participar a un mínimo de 3 empresas.

**17(2052).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A DIVERSOS FUNCIONARIOS. EXPTE. 20273/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 3.12.2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 7.12.2010, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

Nome	N Persoal	dni	Periodo	Proposta de Aboamento
Marta Alonso Posada	79396	36138135Y	1/10-30/11/2010	1.239,00 €
Juan Carlos Roman Casas	8349	36011347	1/10-30/11/2010	640,15 €
Rosendo Covelo Roma	23627	36077859J	1/10-30/11/2010	1.396,20 €
Carolina Vicente	22119	36080915	1/10-30/11/2010	466,80 €
Francisco Gutierrez Orue	13920	13894232	1/10-30/11/2010	1.396,20 €
Maria J Rodriguez Martinez	22042	36086062M	1/10-30/11/2010	1.239,00 €
Juana Abalde Posada	15102	36042156Y	1/10-30/11/2010	699,60 €
Rosa Otero Malvarez	80568	76965736p	1/10-30/11/2010	834,60 €
Ana Soto Sobrado	11475	36031696	1/10-30/11/2010	429,00 €
Jose Luis Amoedo Moreira	22467	36073079	1/10-30/11/2010	296,10 €
Remedios Alonso Vazquez	15160	36049299	1/10-30/11/2010	1.019,40 €
Beatriz Alonso Asenjo	15651	35991455	21/6-30/11/2010	3.528,49 €
Ana M Fernandez Arias	79391	36090311	1/7-30/9/2010	1.359,20 €
Antonio Villanueva Guimerans	78152	52493256	1/7-18/10/2010	2.969,25 €
Belen Alvarez Soaje	76506	36081788	1/7-18/10/2010	1.954,68 €
m jose quintela gonzalez	9320	35995956	1/8-30/11/2010	2.023,70 €
Carlos Perez Figueiras	17294	35981610	12/2-30/11/2010	438,90 €
Alfonso Berros Perez	78966	32873182	22/10-30/11/2010	884,26 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 22.814,53 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.150000 “Produtividade” (RC 51415).

**18(2053).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2010. EXPTE. 20285/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 2.12.2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 7.12.2010, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de novembro-2010, e que ascenden a un total de 649’46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.10.151.00.00-Gratificacións”.

**19(2054).- XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO 2010. EXPTE. 20283/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 2.12.2010, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 7.12.2010, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Novembro-2010, e que ascenden a un total de 1.084’72 €, con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**20(2055).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DO PROXECTO DE “ACTUACIÓN NA RÚA CESÁREO VÁQUEZ-SAN MIGUEL DE OIA”. EXPTE. 648/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 3.12.2010, e co informe do asesor xurídico da área do 1.12.2010, conformado polo titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

